

Se non pode ver correctamente este correo electrónico, faga clic [aquí](#)



Boletín do Proxecto Symbios Núm. 11 – Xaneiro 2015

Novidades | O CESE apoia o Desenvolvemento Local Participativo



O Consello Económico e Social Europeo acaba de aprobar un ditame sobre 'O desenvolvemento local participativo como instrumento da política de cohesión 2014-2020 para o desenvolvemento local, rural, urbano e periurbano'. Podes consultar o ditame [aquí](#).

Recursos Symbios



Humor

Factores de oportunidade e acollida de novos habitantes no medio rural.

[Ler máis na web](#)



Abraza la Tierra

Esta iniciativa ten na súa web un manual de boas prácticas contra o despoboamento.

[Ler máis na web](#)




La Fageda

Reportaxe televisiva sobre unha cooperativa de inserción social no ámbito rural.

[Ler máis na web](#)

Materials



Ordenación do territorio

As Directrices de Ordenación do Territorio definen un modelo territorial para Galicia.

[Ler máis na web](#)



FEADER 2014-2020

Presentación sobre o marco estratéxico e os instrumentos para o desenvolvemento rural.

[Ler máis na web](#)



Xuventude rural

Rescatamos esta Guía de boas prácticas en desenvolvemento rural e xuventude.

[Ler máis na web](#)

A entrevista. Eva González Rodríguez. Coordinadora de Abraza la Tierra.



Cales son os principais apoios que se ofrecen desde Abraza la Tierra ás persoas que queren desenvolver un proxecto de vida no medio rural?

Abraza la Tierra ofrece información, asesoramento e acompañamento antes, durante e despois da decisión de vivir no medio rural. Dividimos en tres os recursos sobre os que é necesario informar e acompañar. Os primeiros son os recursos para a vida, que inclúe recursos sanitarios, educativos, de vivenda e a rede social segundo centros de interese (a música, o deporte, etc.). Os segundos son os recursos para a empresa, ámbito no que informamos sobre as oportunidades de negocio, os trasposos ou negocios que teñen crises de relevo xeracional, as axudas e subvencións, as infraestruturas de transporte, a cobertura de ADSL, etc. En terceiro lugar están os recursos para o emprego, centrados nas ofertas de emprego (até o ano 2011 moitas destas ofertas no rural non se cubrían, pero agora este ámbito ten menor peso).

Cal é o perfil máis habitual de persoas que toman esta decisión vital?

O máis común é o perfil de parella sen fillos, de entre 30 e 40 anos, que proveñen de grandes cidades como Madrid ou Barcelona. Na maioría dos casos teñen formación superior. As súas motivacións teñen que ver co desexo de formar unha familia (na cidade é difícil porque non teñen apoio familiar), a proximidade coa natureza, a busca de contornas sen delincuencia e as condicións de accesibilidade económica á vivenda.

[Ler máis na web](#)



Este é o boletín electrónico do proxecto Symbios, unha iniciativa de encontro, intercambio e aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social da xente e dos territorios de Galicia e doutras rexións europeas afectadas. Se ten calquera dúbida ou quere contarnos algo, contacte con nós desde [aquí](#) e se quere deixar de recibir este boletín electrónico, faga clic [aquí](#)